



ARQUITECTURA  
INDIANA  
TOMIÑO

## A pegada das Américas



### Localización

Coordenadas 41.975298, -8.761679

**Tipo de ben:** vivenda

**Concello:** Tomiño

**Parroquia:** Estás

**Lugar:** Igrexa

**Cronoloxía:** 1821

**Construtor:** descoñecido

**Promotor:** descoñecido

**Propiedade:** privada

**Uso actual:** deshabitada

**Estado de conservación:** malo

### Comentario e descrición

Vivenda de planta rectangular con tellado a dúas augas e dúas alturas. A fachada principal presenta unha porta central á que se accede por unha escaleira cunha parella de vans a cada lado. A metade da fachada está cuberta por unha pérgola sostida por piares que descansan nun balcón cego. A cornixa moldurada interrómtese na parte central, onde se alza un ático decorativo de medio punto rebaixado sobre a porta, que presenta no seu interior uns azulexos coa representación do Milagre de Fátima. No lateral que se abre á rúa é onde se aprecian as dúas alturas do edificio.

A parte inferior está feita en cachotería e presenta un portalón e unha ventá, mentres que na superior ábrese un balcón con dúas ventás e unha porta. No frontón achaflanado que coroa obsérvase de novo outros azulexos decorativos onde se representa unha vista da Torre dos Clérigos de Oporto.

Nesta construción predomina o eclecticismo de estilos, xa que é probable que a parte inferior da vivenda se reutilizase dunha típica casa galega de aldea, que polo que indica a data construírase en 1821. Non obstante, a parte superior, repleta de vans en contraste coa inferior, é posterior, seguramente deseñada a partir da década dos anos 20 en adiante, xa que o Milagre de Fátima tivo lugar en 1917. O reaproveitamento ou modificación das casas de onde era orixinaria a familia do emigrante foi unha constante na arquitectura indiana.

Ornamentalmente, presenta influencias da arquitectura dos países alpinos, como se aprecia nas contras de madeira con decoración calada en forma de corazóns, e portuguesa, polo emprego de azulexos nas fachadas.

FICHA DE CATALOGACIÓN  
Nº inventario: EST-07

**Tomino**  
CONCELLO

**DEPUTACIÓN**  
PONTEVEDRA